



ACTUALIZACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO CEP PLURILINGÜE DE RIOMAIOR

Como consecuencia da publicación da Orde 25 de xaneiro de 2022 e tendo en conta a circular 1/2022 que precisa aspectos da Orde 2 de marzo de 2021 debemos actualizar na concreción curricular:

1. Os criterios de promoción e titulación.
2. Os criterios de Matrícula de Honra.
3. Así como garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore segundo criterios de plena obxectividade, para o que debemos adoptar as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de promoción e, de ser o caso, os criterios de titulación que resultarán de aplicación no curso 2021-2022.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN XERAIS

- Ao finalizar os cursos de 1º, 3º e 5º a promoción será automática.
- En 2º, 4º e 6º optarase polos seguintes criterios de promoción adoptados de forma colexiada por todo o claustro e debatidos anteriormente na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Criterios xerais de promoción específicos do CEP Plurilingüe de Riomaíor.

A decisión de promoción do alumnado no CEP de RIOMAIOR establecerase de acordo cos criterios a seguir:

- 1. A persoa titora, asesorado polo resto do Equipo Educativo, propondrá na avaliación final do alumnado dúas alternativas respecto ao seu proceso de aprendizaxe:***

1.1. Avaliación positiva - Promocionan:

- Rendemento adecuado: Cando o alumnado teña obtido unha valoración positiva en todas as áreas, segundo os criterios de avaliación establecidos para cada unha delas no PCC (mínimos Ciclo).

Ou cando o alumnado non teña obtido unha valoración positiva *nalgunha* das áreas por non ter acadados os obxectivos previstos nelas, pero se dean outras casuísticas ou aspectos fundamentais explicados a continuación

1.2. Avaliación non positiva - Non promocionan:

- Cando o alumnado non teña superados os obxectivos prioritarios e competencias básicas establecidos no PCC que lle impidan seguir o seguinte curso académico.

TODO o Equipo Docente debe adoptar a decisión de promoción ou non promoción por consenso sen exclusión.. Nesta decisión participa o equipo de orientación, con voz pero sen voto (artigo 57 da Orde do 8 de setembro do 2021).

O equipo docente considerará o grao de adquisición en cada un dos indicadores que figuran nas competencias.

Igualmente, teranse en conta os seguintes *aspectos fundamentais no caso de promoción con algunha suspensa*:

- Valoración do progreso en cada unha das áreas, baseándose nos coñecementos previos que xa posúe e apoiándose nos seus intereses, posibilidades e motivacións.
- O seu esforzo e madurez para continuar no ciclo seguinte con garantías de aproveitamento e a oportunidade da repetición para garantir unha maior consolidación das aprendizaxes básicas.
- A conveniencia ou non da separación do alumnado do seu grupo coas consecuencias, positivas ou negativas, que esta decisión poida ter na integración do alumnado, a súa personalidade, estado emocional, a conduta e a influencia que poida ter a mesma nun novo grupo.
- Os informes do Departamento de Orientación do Centro.

2. Decisión da promoción :

- a) O Equipo Docente que imparte docencia nel decidirá sobre a promoción do alumnado, de forma colexiada, valorando o criterio da persoa titora.
- b) O alumnado promocionará sempre que acade o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un adecuado grao de madurez. Accederá igualmente ao nivel seguinte cando as aprendizaxes non acadadas non supoñan un obstáculo para continuar satisfactoriamente.
- c) O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha vez ao longo de toda a Educación Primaria e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado arredor das competencias básicas.

3. Promoción á ESO:

- a) O alumnado promocionará á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria se alcanzou os obxectivos da Educación Primaria e coa suficiente adquisición das competencias básicas guiado polo estándares prioritarios e un adecuado grao de madurez.
- b) Accederá igualmente cando as aprendizaxes non acadadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, a persoa titora, no informe persoal, precisará ás dificultades presentadas e os obxectivos da etapa non logrados, así como as medidas adoptadas ata ese momento a fin de que o centro receptor poida establecer as medidas necesarias de reforzo.

RESUMO DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN DE CURSO EN EDUCACIÓN PRIMARIA

A ter en conta polo equipo docente en sesión de avaliación final de curso:

1. Adquisición dos obxectivos establecidos na Educación Primaria.
2. Adquisición das competencias claves establecidas (a través dos estándares prioritarios establecidos por áreas).
3. Non ter repetido curso durante a etapa, tendo igualmente, en conta a idoneidade do momento para esa medida.
4. Cando as aprendizaxes non acadadas non impidan seguir con aproveitamento o novo ciclo. Nese caso o alumnado pode avanzar cun programa de reforzo ou no caso cunha Adaptación Curricular.
5. O nivel de integración no grupo ao que está adscrito ou ao que sería adscrito e as características da ratio, conflictividade, cohesión...
6. O nivel de madurez do alumnado, o seu grao de autonomía e responsabilidade, capacidade de aprendizaxe, características físicas...
7. Actitude familiar ante a repetición (escoitadas pero non vinculante).
8. Unha vez esgotadas as medidas previstas na Orde 8 de setembro de 2021 e no Decreto 229 de Atención á diversidade.
9. Aspectos relacionados co benestar emocional do alumnado

MEDIDAS A ADOPTAR

1. O alumnado que acade unha avaliación inadecuada con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o nivel anterior.
2. O alumnado que acade unha avaliación non positiva ou insuficiente e non acade a promoción, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. A permanencia no mesmo ciclo considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. O equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, aínda que non é vinculante, deberá ser oída e terá, en todo caso, carácter excepcional.
3. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
4. Ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no curso seguinte.
5. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe

deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento da mención honorífica ao alumnado que cumpra o seguinte requisito:

- ✓ Que obtiveran Sobresaínte ao finalizar a educación primaria nunha área ou en varias que demostrasen un rendemento académico excelente

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN

- 1) No caso de EP: realizaranse polo menos tres sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (no primeiro mes) e unha avaliación final. O peso de cada unha delas dependerá da materia (ver o cadro 1).
- 2) Temos que matizar que a avaliación é continua e progresiva: continua, na medida en que forma parte dos procesos de ensino e aprendizaxe e ten carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar (en calquera momento do curso) medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.
- 3) A avaliación é progresiva xa que en cada momento do curso, estase a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado ao longo del.
- 4) A avaliación sempre ten que ser continua, o que implica un rexistro constante para o que se utilizarán distintos procedementos e instrumentos de avaliación (observación, probas orais, probas escritas, traballos, participación...); mais a avaliación non ten por que ser progresiva. En moitas materias existen partes diferenciadas que poden non ser avaliadas de forma progresiva.

En conclusión, cada departamento debe establecer os criterios de cualificación de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria.

MATERIAS	TIPO DE AVALIACIÓN	PESO		
		1 ^a	2 ^a	3 ^a
LINGUAS	Progresiva e continua	20%	30%	50%
MATEMÁTICAS	Progresiva e continua	20%	30%	50%
CIENCIAS NATURAIS E SOCIAIS	Non progresiva	Media aritmética		
EDUCACIÓN FÍSICA	Progresiva e continua	20%	30%	50%
VALORES/ RELIXIÓN	Progresiva e continua	25%	35%	40%
ARTÍSTICA	Progresiva e continua	25%	35%	40%

Cadro 1. Peso das avaliacións por materias.

- 5) Resulta necesario rexistrar e comunicar á familia ás medidas aplicadas durante o curso académico antes de propoñer a súa repetición, non pode repetir sen antes levar a cabo medidas ordinarias de reforzo e apoio.
- 6) Os criterios de cualificación atenderán non só aos contidos específicos de cada área curricular, senón tamén ás capacidades antropolóxico-sociais de cada alumno ou alumna. Na súa determinación respectarase as porcentaxes atribuídas aos tres aspectos definidos polos Equipos de Ciclo e aprobados polo Claustro: probas obxectivas escritas e orais, interese, actitude e comportamento e traballo en equipo.
- 7) Na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais e teña autorizada unha adaptación curricular significativa, os criterios de avaliación e promoción establecidos nela serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción.

OS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS:

Están concretados na programación xeral:

- O profesorado debe optar por procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensinanza e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación, para elo seguiremos as seguintes porcentaxes:

PORCENTAXES		DEFINICIÓN	INSTRUMENTOS
CONTIDOS 30%	EDUCACIÓN FÍSICA 10%	Coñecementos adquiridos polo alumnado (datos, feitos, conceptos e principios).	Probas específicas (abertas, exposición de temas, cuestionarios, resolución de exercicios e actividades, capacidade motriz,...) Outros.
PROCEDEMENTOS 50%	EDUCACIÓN FÍSICA 40%		
ACTITUDES 20%	EDUCACIÓN FÍSICA 50%	Capacidade do alumnado para elaborar produtos usando contidos traballados previamente ou directrices dadas polo profesorado (saber facer, procedementos, estratexias, métodos e técnicas).	Probas (interpretación de datos, elaboración e resolución de tarefas e problemas). Intercambios orais, asemblea, posta en común Producións do alumnado (orais, escritas, musicais, motrices, portfolios, cadernos de campo, investigación, resumes, xogos de simulación, monografías...) Outros.
		Actitude do alumnado durante a clase e o traballo solo ou en equipo. Capacidade de organización e desenrolo da actividade e tarefa (valores, actitudes, trazos de personalidade e habilidades sociais).	Rexistro anecdótico, observación sistemática, observación externa, listas de control, diario de clase... Outros.

Todas as informacións parciais sobre o proceso de aprendizaxe, transformámolas en información útil a través dos seguintes procedementos e instrumentos de información: Observación sistemática (diarios de clase, escalas de observación, gravacións, uso da Biblioteca, traballo en grupo...); análise das producións dos alumnos/as (mapas conceptuais, textos escritos, producións orais, plásticas...); intercambios orais co alumnado (diálogo, entrevista, posta en común...); probas específicas (obxectivas, resolución de problemas, exposición dun tema...); autoavaliación e coavaliación.

A partir de 4º,5º e 6º valorarase con un punto o traballo persoal realizado en sucio para superar a materia porque o consideramos importante para superar a Competencia de Aprender a Aprender e Autonomía e Iniciativa Persoal (caderno de traballo persoal e de estudo) así como o traballo complementario da aula virtual .

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO DE PROFESORES o 29 de marzo de 2022

DATA DE COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

O 5 de maio comunicáselle ás familias que poden consultar o documento na páxina web do centro.